

**DECRETO CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA. EXPEDIENTE NÚMERO:
2025/G007/000013**

DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Excmo. Sr. alcalde presidente do Excmo. Concello de Lugo.

En cumprimento do establecido no artigo 46.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e 48 e 49 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Lugo, e en virtude das atribucións que me confire o artigo 124. 4. d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, **CONVOCO** sesión **EXTRAORDINARIA** do **Excmo. Concello Pleno**, que terá lugar no salón de sesións da Casa do Concello (praza Maior, 1) o vindeiro **luns**, día 24 de novembro, ás **8.30 HORAS**, de acordo coa seguinte orde do día:

1/161 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, NÚMERO 327/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE O GOBERNO MUNICIPAL ADOpte INICIATIVAS DE PLANEAMENTO URBANÍSTICO QUE DEAN SOLUCIÓN Á LONGA DETERIORACIÓN FÍSICA E SOCIAL DO BARRIO DO CARME (EXP. 2025/G004/000682)

Todo iso de conformidade coa solicitude de Pleno extraordinario formulada polo Grupo Municipal Popular, e por tanto máis da cuarta parte dos membros da Corporación, con data do 3 de novembro de 2025, número de Rexistro de Entrada 327/2025.

No caso de non poder asistir deberá acreditarse con antelación suficiente ante esta Alcaldía. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, un tercio do número legal de membros da Corporación (artigo 46.2.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local), entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días despois (artigo 90.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro).

Notifíquese de forma axustada á legalidade.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente polo alcalde presidente, don Miguel Fernández Méndez